

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

GUÍA DIDÁCTICA

INDICE

Introdución

1. **Obxectivos**
2. **Competencias clave**
3. **Contidos**
4. **Metodoloxías e orientación Didácticas**
5. **Avaliación**

FICHA TÉCNICA

Autoras: Elena López Vara e Begoña Otero Riobó

Etape e curso a que se dirixe: 1º / 2º ESO

Materia: Investigación e Tratamento da Información

Destinatarios: Profesorado e Alumnado

Procedencia: ExElearning e Moodle

Tipo de Recurso: Aula Moodle

Plataforma: Multiplataforma

Idioma: Galego

Licenza: Creative Commons BY-NC-SA 4.0



Introdución

Este curso está deseñado para traballar a materia de libre configuración autonómica Investigación e Tratamento da Información, para 1º e/ou 2º de ESO. A materia podería impartirse en 1º ou en 2º de ESO ou en ambos cursos; dada a densidade do contido, poder traballala en dous cursos sería o máis axeitado.

É un material dirixido ao profesorado e ao alumnado, pero sempre ten que ser o profesorado o que guíe ao alumnado; non está pensando para que o alumnado traballe autonomamente o curso deseñado, porque hai unha parte do contido, Documentación para o Profesorado, en cada unha das Unidades Didácticas para ser utilizada polo profesorado como soporte dos obxectivos e competencias a traballar. Tamén en cada unha das Unidades Didácticas hai actividades para que o alumnado adquira as competencias previstas e avalíe os progresos que vai facendo, pero é sempre o profesorado quen debe decidir que actividades se fan e cales non.

As actividades que se presentan en cada Unidade Didáctica son suxestións para traballar co alumnado, pero sempre será o profesorado o que decide se as fai todas ou non. Nun solo curso dunha materia de 1 hora semanal non poderían facerse todas as actividades. En absoluto se pretende que se faga un uso exhaustivo de todas as actividades; senón que estas son referencias para o profesorado en función das necesidades do grupo, do tema que se aborda,... Nin se pretende que se faga un uso exhaustivo de todos os contidos que se recollen nas Unidades Didácticas, só dos que sexan necesarios para o proxecto de investigación que se vai levar a cabo. Por exemplo, si se van realizar entrevistas a persoas da comunidade relevantes para a investigación, abordaremos os contidos da entrevista (recollidos na Unidade Didáctica 2); pero si no tema que se investiga non se vai utilizar a entrevista, non ten sentido abordar ese contido.

Pero ao mesmo tempo, cada unha das Unidades Didácticas que se presentan poden ser utilizadas de xeito independente por calquera profesor/a en calquera materia da Educación Secundaria Obrigatoria; incluso, pode ser utilizada en programas de tutoría



para traballar determinados aspectos da dinámica do grupo-clase, prevención de cyberbullying, formación da competencia dixital... Tamén pode utilizarse dentro dos programas de formación de usuarios da Biblioteca Escolar; en calquera materia que queira traballarse a busca e tratamento da información...

Así a Unidade Didáctica 0, pode ser utilizada por calquera profesor/a que queira iniciar un traballo en equipos cooperativos.

A Unidade Didáctica 1, pode ser utilizada para iniciar un proxecto de investigación desde calquera materia.

A Unidade Didáctica 2, pode ser utilizada na formación de usuarios da Biblioteca Escolar, dentro da programación da Biblioteca Escolar do centro.

A Unidade Didáctica 3, pode ser utilizada en dous sentidos:

- .- O manexo da CDU, formando parte da formación de usuarios da Biblioteca Escolar
- .- A busca en internet, como apoio a calquera materia na que se utilice a rede para buscar información.

A Unidade Didáctica 4, é unha Unidade que pode ser utilizada en calquera materia na que se traballe con documentos do tipo que sexa como base da aprendizaxe, e se pretende que o alumnado saiba ler criticamente eses documentos e organizar a información que deles se obtén.

A Unidade Didáctica 5 tamén pode ser usada en calquera materia cando o alumnado deba presentar un informe escrito sobre calquera tema que tivese que investigar, porque ofrece unhas pautas de como facelo e como presentalo; igualmente, ofrece unhas pautas para as exposicións orais e para as presentacións multimedia; finalmente, ofrece unha selección de recursos web para facer presentacións multimedia.

A Unidade Didáctica 6, pode ser usada en titoría ou en calquera materia que se use a rede como ferramenta habitual, xa que aborda aspectos como a identidade e seguridade na rede, os riscos no uso das redes sociais, a linguaxe propia das ferramentas web...



A Unidade Didáctica 7, pode ser usada en calquera materia que se faga busca documental, en documentos impresos ou virtuais, para educar na necesidade de respectar os dereitos de autor e de compartir as nosas producións. Tamén aborda a cita de documentos doutros autores nos nosos informes.

I. Obxectivos

- Ofrecer un recurso didáctico que permita desenvolver a materia sinalada usando as TIC nun contorno virtual de aprendizaxe.
- Facilitar o traballo de profesorado e alumnado na competencia informacional e dixital, é dicir, facilitar recursos para a alfabetización mediática e informacional.
- Promover a metodoloxía de traballo por proxectos a través da aprendizaxe cooperativa, que favorece unha aprendizaxe activa e participativa, para lograr as competencias clave.
- Promover o uso da Biblioteca Escolar como centro de recursos do centro ao servizo do currículo e do proxecto educativo; non tanto como espazo físico de lectura e almacenamento de documentos e obras literarias, senón como un contorno enriquecedor que promove a aprendizaxe, a información, a produción de coñecemento, facilitando o traballo cooperativo, a creatividade, e a adquisición das competencias clave.
- Diseñar actividades de aprendizaxe integradas que permitan desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico e ao mesmo tempo adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Facilitar a atención á diversidade do alumnado, partindo dun modelo inclusivo, que entende a diversidade como riqueza para a aprendizaxe. A utilización das TIC e a aprendizaxe cooperativa son ferramentas para a atención á diversidade, xa que a interacción entre iguais (os membros do equipo cooperativo) aumenta o nivel de aprendizaxe de cada un dos membros do equipo.



2. Competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

Esta materia contribuirá á competencia en comunicación lingüística dado que se traballarán destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos en diferentes formatos e diferentes soportes.

Na actualidade, cando falamos de alfabetización, facemos referencia á alfabetización múltiple como a capacidade de utilizar as destrezas de lectura e escritura para crear, comprender, interpretar e avaliar de forma crítica textos recibidos a través dunha serie de medios de comunicación e en formatos impresos, dixitais, audiovisuais, ..

Competencia dixital (CD).

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para acadar obxectivos de aprendizaxe, por iso é fundamental abordar estratexias para o acceso á información, o procesamento e o uso para a comunicación, e a creación de contidos.

Pero tamén temos que dotar ao alumnado de destrezas para facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos con seguridade, respectando a privacidade propia e a dos demais e coidando as relacións que se establecen a través da rede; é por iso necesario coñecer os beneficios e os riscos do uso da rede; así como os hábitos necesarios para manter os nosos dispositivos tecnolóxicos libres de virus.

Tamén debemos propiciar a participación e o traballo colaborativo no uso das novas tecnoloxías, para camiñar cara unha sociedade 3.0.

Aprender a aprender (CAA).

A contribución a esta competencia virá dada en 1º lugar, pola propio deseño da materia que se basea no fomento da curiosidade, da creatividade, do protagonismo do alumno do proceso de aprender que fará que chegue a acadar as metas propostas; isto producirá un



aumento do autoconceito como estudantes y contribuirá a aumentar a súa motivación cara a aprendizaxe.

En segundo lugar, a abordaxe dos procesos que implican a aprendizaxe: organización, planificación..., desemboca nunha aprendizaxe cada vez mais autónoma e eficaz. As estratexias de planificación supoñen adquirir destrezas de fixarse unha meta e desenvolver un plan de acción para acadala. Estratexias de supervisión desde as que se van adecuando as accións á aproximación á meta. Estratexias de avaliación que permiten analizar tanto o resultado como proceso que se ten levado a cabo. Todas estas estratexias implican un proceso reflexivo e unha mellora nas funcións executivas que son as que permiten desenvolver aprendizaxes cada vez mais eficaces.

Por último, esta competencia debe ser traballada tanto individualmente como en grupo, xa que a aprendizaxe se producirá nun contorno colaborativo, de traballo en equipo cooperativo.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

A contribución a esta competencia virá dada polo traballo a través deste proxecto de habilidades para capacitar ao alumnado para convivir nunha sociedade cada vez mais plural, dinámica, cambiante e complexa para relacionarse cos demais; cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos e propoñer activamente solucións.

Traballar a prol desta competencia significa ser quen de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante y respectar os valores e a intimidade dos demais e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.

Todo isto se aprende a través do traballo en equipo cooperativo, nun contorno de aprendizaxe colaborativa.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Como a nosa proposta vai encamiñada a desenvolver proxectos de investigación, a contribución á competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor é clara: a planificación, organización, xestión e a toma de decisións; resolución de problemas; habilidades para traballar tanto individualmente como de xeito colaborativo dentro dun equipo cooperativo; o sentido da responsabilidade; avaliación e autoavaliación.

A capacidade de liderado e de delegación; de representación e negociación; o sentido



crítico, todas son habilidades que se fomentarán traballando en equipo cooperativo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O traballo por proxectos, a investigación e o tratamento da información, potenciarán a iniciativa persoal, a creatividade e a imaxinación de cara a expresión das propias ideas e sentimentos. Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos e esixe desenvolver o autoconhecimento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e asunción de riscos.

Tamén na busca e tratamento da información, así como na produción de coñecemento, se potenciarán o interese, aprecio, respecto, deleite e valoración crítica das distintas producións coas que traballemos cun espírito aberto, positivo e solidario.

Pero tamén, adquirirán hábitos de traballo, constancia e disciplina, así como habilidades de cooperación como requisitos necesarios para a creación individual e/ou colectiva.

3. Contidos

O curso está organizado en 8 Unidades Didácticas, numeradas do 0 ao 7.

Secuencia Didáctica

Cada Unidade Didáctica consta de un Documento para o Profesorado e dunhas actividades para desenvolver co alumnado.

O Documento para o Profesorado recolle os contidos da Unidade, con imaxes, gráficas, presentacións de diapositivas, nalgúns casos vídeos, para que o profesorado poida presentar o contido ao alumnado. Como o formato do curso é un Aula Virtual, calquera dos ODEs (Obxectos Dixitais Educativos) das Unidades poden proxectarse e telas de base mentres o alumnado fai as actividades. Lembremos que nesta materia os contidos das Unidades están ao servizo do desenvolvemento dun proxecto de investigación, e debe utilizarse un ou outro apartado de cada Unidade en función das necesidades do grupo-clase para a investigación.

As Actividades para realizar co Alumnado, están formuladas para ser desenvoltas directamente na Aula Virtual. Son actividades para traballar os contidos da Unidade Didáctica e para avaliar tamén eses contidos.



A **Unidade Didáctica 0, o traballo cooperativo**, presenta a metodoloxía de traballo cooperativo que será a base a través da que se desenvolverá toda proposta didáctica da materia. Presenta unha pequena descrición do que é esta metodoloxía dirixida ao profesorado e que pode utilizar para presentala ao alumnado. E logo vai dando pautas para organizar os equipos cooperativos e o traballo na aula a través desta metodoloxía. Ofrécense moitas actividades para traballar a cohesión grupal, para que o alumnado valore o traballo en equipo e finalmente actividades de avaliación para o alumnado e que poden ser utilizadas polo profesorado e polo alumnado para ter un feed-back da adquisición dos contidos básicos desta Unidade. O profesorado non ten por que realizar todas as actividades de *cohesión grupal*, dependerá do afeito que estea o grupo-clase a traballar con esta metodoloxía e á súa propia dinámica. Hai que ter en conta ademais, que podemos recorrer a esta Unidade en calquera momento do curso: para lembrar as estruturas, para volver mellorar a cohesión do grupo,... É unha Unidade básica do curso e que podemos retomar en calquera momento que o consideremos necesario para mellorar a dinámica do grupo-clase.

Unidade Didáctica 1, o proxecto de investigación: a UD1 dá as bases para realizar un proxecto de investigación ao longo de todo o curso e que teña como base a Biblioteca Escolar, entendendo esta nun sentido amplo, de centro de recursos do centro para traballar a competencia informacional. A metodoloxía de traballo a empregar será a aprendizaxe cooperativa e o que pretende este proxecto é que, sexa cal sexa o tema que escollamos para investigar, garantamos que o alumnado vai adquirir os obxectivos básicos das Unidades Didácticas 2, 3, 4 e 5. O profesorado debe guiar ao alumnado na elección do tema, sen imposicións, pero tendo claro cales son os seus obxectivos, coñecendo o grupo e pensando nas posibilidades que ofrece para a investigación documental. É importante nesta Unidade sentar as bases do traballo para o resto do curso, xunto coa Unidade 0; por iso non debemos restar importancia ás actividades que se propoñen pois son as que guían á posta en marcha do proxecto de investigación. Nesta Unidade non se suxiren actividades de avaliación específicas, deberemos seguir o proceso de avaliación descrito na Unidade 0, pois é moi importante que o alumnado saiba que o traballo en equipo vai ser valorado, e polo tanto, nesta Unidade, ser quen de entregar todas as tarefas para organizar o seu proxecto de investigación será a clave da avaliación.



Unidade Didáctica 2, a biblioteca: punto de acceso á cultura impresa e dixital:

esta é unha Unidade que pretende que o alumnado coñeza a Biblioteca Escolar, o seu funcionamento, o tipo de documentos que podemos atopar nela e como buscar información segundo o formato e soporte. Esta será a entrada para iniciar o procura documental de cada proxecto de investigación, o coñecemento de que podemos atopar na Biblioteca Escolar: tipos de documentos, formatos e soportes. Como sempre, se ofrece unha actividade de avaliación de aspectos básicos traballados na Unidade; neste caso, é unha actividade de avaliación para facer en equipo.

Unidade Didáctica 3, a busca de información: estratexias de procura:

nesta Unidade preténdese que o alumnado aprenda a buscar información tanto en documentos físicos como virtuais. Nesta procura documental temos que estar atentos a que o alumnado non só utilice internet, senón que hai que facilitar a busca presencial na Biblioteca Escolar, nos documentos impresos que alí se atopan: monografías, revistas, periódicos,..., dependendo do tema da investigación.

Esta Unidade pode traballarse con máis ou menos intensidade en función da formación previa do alumnado. Se o alumnado manexa ben a CDU, sabe utilizar os motores de busca, garda os documentos virtuais que atopa, ..., dedicarémolle pouco tempo porque xa teñen adquiridas as competencias necesarias.

Lembremos que cando falamos de buscar información nesta Unidade Didáctica, imos referirnos sempre á información necesaria para o noso proxecto de investigación, non calquera información. As actividades que se suxiren, poden servir para adquirir ou reforzar as habilidades de busca, pero o alumnado debe buscar a información que necesita para o seu proxecto.

Unidade Didáctica 4: Organización e reelaboración da información:

esta Unidade traballa nas estratexias para extraer información dos documentos atopados e organizala para logo crear o noso propio documento (seguinte Unidade). Tamén dependendo da formación previa do alumnado podemos dedicarlle mais ou menos tempo,



pero esta é unha das Unidades de contido claves na materia; unha, polo tanto, na que habería que investir máis tempo.



E sempre tendo en conta que todas as actividades que se traballan sobre documentos suxeridos, o alumnado debería traballar sobre os documentos que buscou e atopou sobre o seu proxecto de investigación; non debemos traballar os contidos descontextualizados, para iso estamos traballando nun proxecto de investigación. Dependerá da habilidade do profesorado que procure que haxa variedade de tipoloxía de documentos; sobre todo hai que insistir na necesidade de traballar sobre a lectura de textos discontinuos, que son os mais atractivos para o alumnado; os que menos se traballan e nos que mais hai que axudarlles a facer unha lectura crítica dos mesmos.

Unidade Didáctica 5: presentación dos produtos informativos propios: esta

Unidade guía na elaboración do informe e de presentacións multimedia sobre a investigación realizada. Esta é conveniente desenvolvela tal e como se presenta, xa que garante que o alumnado fai un documento propio cuns requisitos mínimos de calidade.

Outro dos aspectos nos que se incide na Unidade é na presentación oral do resultado da nosa investigación; cada grupo debe presentar aos demais as súas conclusións e pode utilizar como soporte unha presentación multimedia, un póster dixital,... En canto, ás presentacións multimedia, dependerá do contido que se presente, da habilidade do profesorado e do alumnado que se poidan utilizar unhas ferramentas ou outras das que se suxiren no apartado 4 da Unidade. É moi importante dedicarlle tempo á preparación da exposición oral, tanto da presentación multimedia como da propia exposición, pois é un aspecto que xeralmente se descoida.

Hai que ter en conta que, á hora de que o alumnado elabore o informe e a súa presentación, utilízase unha ferramenta colaborativa en rede, tipo Google Drive, Google Classroom,...

No apartado Documentación para o Profesorado, inclúese dous anexos para avaliar tanto o informe escrito como a exposición oral. Os ítems que nel se recollen deben ser coñecidos previamente polo alumnado, como en calquera proceso de avaliación, para que o alumnado saiba en que ten que incidir .



A continuación no curso da Aula Virtual están as Unidades Didácticas 6 e 7. Están colocadas ao final, pero non son para ser utilizadas ao final, senón durante o desenvolvemento do proxecto de investigación; así:

Unidade Didáctica 6: beneficios e riscos do uso da rede: esta é unha Unidade que aborda contidos básicos en relación co uso seguro de internet e das redes sociais; polo tanto, cando iniciemos o traballo cunha algunha das ferramentas colaborativas para edición de documentos, sexa no formato que sexa, debemos abordar o tema da privacidade e seguridade.

Ao mesmo tempo, se creamos un blog ou outra ferramenta da web 2.0 para compartir o noso proxecto, debemos abordar os aspectos básicos da web 2.0, os seus beneficios e os seus riscos, así como a linguaxe a apropiada en cada ferramenta; tamén hai que ensinar a ler e escribir na web 2.0.

Polo tanto, as propostas desta Unidade deben ser utilizadas polo profesorado no momento en que se consideren oportunas e dependendo do proceso de investigación que segue cada grupo, o profesorado as introducirá nun momento ou noutro. Pero non debe deixalas de lado, porque estes son aspectos básicos da formación documental.

Ao final da Unidade ofrécese unha actividade de avaliación individual sobre os aspectos básicos que se abordan e que pode ser utilizada para formar parte da cualificación individual de cada alumno/a nun trimestre concreto ou ao na cualificación final.

Unidade Didáctica 7: dereitos de autor e creacións colectivas: nesta Unidade abórdanse tres aspectos: os dereitos de autor dos documentos que manexamos, os diferentes tipos de licenzas con que nos podemos atopar e tamén as que podemos usar para as nosas creacións e, por último, un aspecto máis práctico, que é como se citan documentos (de diferente tipo) e como se fai unha bibliografía e unha webgrafía.

Esta Unidade debe iniciarse tan pronto iniciemos a busca documental do noso proxecto de investigación, para que o alumnado saiba que as obras están sometidas a dereitos de autor, como debe referenciarlas nunha ficha bibliográfica, como debe citar ou parafrasear os produtos doutros autores. Aquí deberíamos abordar os contidos dos dereitos de autor, as licenzas de uso, a busca na rede de documentos con licenza para compartir.

Na Unidade Didáctica 5, abordaremos o apartado da bibliografía e a webgrafía así como a necesidade de licenciar os produtos que creamos, presentacións, pósters, polo que deben



coñecer as licenzas Creative Commons.

Nas actividades para o alumnado, ademais das actividades para traballar os contidos, suxírese unha actividade de grupo para avaliar os coñecementos básicos da Unidade, que pode ser utilizada polo profesorado ao final de curso, cando o alumnado teña unha visión de conxunto da Unidade, ou ao remate desta si se utiliza como un todo. Si se fai así, debe usarse ao mesmo tempo que a Unidade 3, cando iniciamos a busca documental.

4. Metodoloxía e orientacións didácticas

Como se ven dicindo dende o principio, a base metodolóxica desta proposta é o traballo en equipos cooperativos e o traballo por proxectos.

Todos os contidos que se propoñen nas Unidades Didácticas, deben ser traballados ao servizo dun proxecto de investigación, que decidimos na Unidade Didáctica 1. A partir de aí, todo o traballo debe estar ao servizo do noso proxecto, e se abordarán os contidos a medida que a clase os necesite para ir desenvolvendo o seu proceso de investigación.

Debemos ter en conta sempre as premisas da aprendizaxe cooperativa e retomar o seus contidos básicos sempre e cando o consideremos necesaria para a boa marcha do proxecto, tendo en conta a consigna de *cooperar para aprender e aprender a cooperar*.

Cando iniciamos o traballo cooperativo, nos primeiros días de curso, deixaremos que o alumnado se agrupe libremente, para traballar as actividades de coñecemento do grupo, de cohesión grupal. Pero pasadas dúas ou tres sesións de clase (esta duración será variable, en función, da formación da clase en aprendizaxe cooperativa), xa deberemos constituír os equipos base (os que funcionarán de maneira estable ao longo do curso) e iniciar o traballo da Unidade Didáctica 1 para escoller o tema do proxecto de investigación. Esta dúas unidades serán a base do traballo posterior e por iso, hai que dedicarlles o tempo necesario para que os equipos queden ben constituídos, o plan de equipo ben establecido, e iniciar a investigación.

O material que propoñemos ten ao **profesorado** como guía da aprendizaxe:

.- Decide que contidos se van introducindo en función das necesidades do equipo);



- .- Selecciona entre as actividades propostas as que se consideran oportunas;
- .- Está atento ao funcionamento dos equipos para propoñer as actividades de avaliación do funcionamento dos equipos ou do grupo-clase;
- .- Decide cando debe ser retomados os principios da aprendizaxe cooperativa e as estruturas cooperativas, porque os equipos xa non os teñen en conta...

Aula Abalar: Este material está formulado para ser utilizado preferiblemente en grupos que conte con equipamento Abalar, dado que é necesario o acceso á rede tanto para a busca de información como para a elaboración dos contidos do informe sobre a investigación. Para máis información sobre este aspecto, hai que ver o documento técnico do curso.

Enfoque interdisciplinar: como a temática a traballar no proxecto de investigación pode ser moi variada, pode traballarse dende diversas materias a investigación e o tratamento da información; será o profesor da materia de *Investigación e Tratamento de Información* o que coordine o traballo dende diversas materias. Non ten por que ser unha colaboración de todo o curso en todas as materias, pero si pode ser unha coordinación en determinados momentos do proceso, en función do tema. Dende logo, as materias de lingua castelá e lingua galega poden coordinarse case dende o principio do proxecto, e dende logo nas Unidades 4 e 5. É obvio que o Equipo de Biblioteca debe ser un colaborador nato nesta materia, xa que o seu obxectivo básico é a competencia informacional. Así as Unidades 2 e 3 poden xa estar traballadas na formación de usuarios da BE, e avanzar moito mais rapidamente.

Atención á diversidade

A aprendizaxe cooperativa ben aplicada garante unha educación inclusiva, na que todos son necesarios no grupo para aprender e todos aprenden a prestarse axuda mutua. Polo tanto, non faremos actividades especiais nin distintas para o alumnado con necesidades educativas específicas nin especiais.

O importante neste apartado é a formación dos equipos cooperativos, coidando que o alumnado con necesidades específicas forme parte dun grupo con compañeiros especialmente dispostos a axudar e que non coincidan máis de un en cada grupo; tamén, procuraremos que, si necesitamos constituír un equipo de 5, sexa neste no que se integra



o alumno/a con necesidades específicas. Cando o equipo reparte os cargos, o profesorado estará atento a que se lle outorgue un cargo que poida desempeñar, en función das súas características, para iso é fundamental traballar ben a Unidade Didáctica 0, sobre todo no tocante ás *actividades de cohesión grupal*; a actividade “O equipo de Roque”, pode ser utilizada en calquera momento do curso para que os grupos analicen o seu funcionamento e poidan expresar as súas dificultades.

Neste apartado, serán fundamentais tamén as revisións do Plan de Equipo, pois deben servir para mellorar o funcionamento do grupo, e poden ser utilizadas polo profesorado para abordar, nalgún equipo concreto, a falla de axuda cara a un alumno/a, as dificultades que supón traballar con alumnado diverso; a verbalización destas dificultades así como a formulación de obxectivos para superalas, serán claves no traballo cara a inclusión do alumnado con necesidades educativas específicas.

Cando se propoñan actividades individuais e se considere que un alumno/a concreto non vai poder facelas, se proporán outras alternativas ou se reforzarán con ese alumno/a contidos básicos para que poidan avanzar no traballo de equipo.

5. Actividades

Cada Unidade Didáctica leva unha proposta de actividades; a meirande parte delas para realizar en equipos cooperativos e outras para realizar individualmente. As actividades están na Aula Virtual e moitas delas están pensadas para ser subidas á Aula Virtual despois de resoltas polo equipo, ou algunhas fanse directamente na Aula Virtual. Algunhas, as menos, serán entregadas por escrito ao profesorado (son as chamadas actividades fora de liña).

Por iso, é importante, para o bo desenvolvemento do curso, que nos aseguremos de que o alumnado coñece ben o funcionamento dun Aula Virtual nunha contorna Moodle; así que nas primeiras actividades que se fagan dedicaremos un tempo a este aspecto; de todas formas, cada actividade ten instrucións precisas para facela, subila á Aula Virtual ou non.



A formulación do curso é para que todas as actividades que se fagan, ben sexa en equipo ou individualmente, formen parte da avaliación do alumnado, non só á hora de cualificar (que tamén), senón á hora de que o alumnado e o profesorado teña un feedback de cómo vai o proceso de investigación.

A partires da Unidade Didáctica 3, *a busca de información*, todas as actividades deben ser adaptadas ao tema de investigación que se leva a cabo; en todo caso, as que se propoñen poden ser usadas para explicar, adestrar, certas habilidades necesarias para desempeñar con éxito o proceso de investigación.

Por último, cabe insistir en que non se pretende que se fagan exhaustivamente todas as actividades propostas en cada unha das Unidades Didácticas, só aquelas que o profesorado considere oportunas para o desenvolvemento do proceso de investigación que se leva a cabo.

6. Temporalización

O curso está deseñado para desenvolverse nun curso académico na materia de libre configuración autonómica en 1º ou 2º de ESO, cunha duración de 1 hora lectiva semanal. Para as autoras sería conveniente que o alumnado que a cursou en 1º puidera continuar cursándoa en 2º, xa que os contidos que se pretenden abordar son moi extensos para un curso solo.

Si solo puidera impartirse nun curso, priorizaríanse os seguintes contidos:

As Unidades Didácticas 0 e 1, tal e como están.

Da Unidade Didáctica 2, os apartados 1 e 2 (senón están abordados no centro dentro da formación de usuarios da BE); do apartado 3, seleccionar os tipos de documentos en función das necesidades do grupo-clase para o seu tema de investigación. É dicir, si non



van usar revistas ou xornais, non abordemos como é un periódico ou un xornal.

Na Unidade Didáctica 3 abordaremos os contidos necesarios para a busca de información, en función da formación previa do alumnado: se manexa ou non a CDU, se coñece ou non os motores de busca, se coñece como gardar os documentos virtuais,...

A Unidade Didáctica 4 abordarémola en función dos documentos que vaia a utilizar o alumnado, sempre dende a premisa de fomentar unha lectura crítica dos documentos. Si o alumnado utiliza textos expositivos, centrarémonos nestes, ben sexa en rede ou impresos; procuraremos que utilicen documentos descontinuos e tamén abordaremos os contidos relativos á valoración de documentos, tanto impresos como virtuais, para fomentar que “non todo vale” nin “collo o primeiro que topo”.

A Unidade Didáctica 5, abordarémola practicamente tal e como se formula, xa que é fundamental á hora de presentar o informe dunha investigación.

Na Unidade Didáctica 6, abordaranse como mínimo os aspectos da identidade e privacidade e dos riscos da redes sociais.

Na Unidade Didáctica 7, abordaranse como mínimo a busca de documentos con licenza para compartir, as licenza Creative Commons, e como se fai unha bibliografía.

7. Recursos para a avaliación

Nas Unidades Didácticas 0 e 1 queda recollida a **proposta global do procedemento de avaliación** para esta materia.

En concreto, na Unidade Didáctica 1 recóllese o procedemento global:






Gráfico sobre o proceso de avaliación

Un procedemento que se basea en **3 dimensións**:

1. O traballo en equipo a nivel individual
2. O traballo en equipo a nivel de grupo
3. O traballo no proceso de investigación

1. Avaliación individual do traballo en equipo (o profesorado risca en cada un dos criterios o grao de consecución dos mesmos)

A cualificación dun alumno/a concreto/a será a media da cualificación en cada un dos criterios. Esa media será a que se levará á porcentaxe establecida na cualificación global do alumno/a na materia.

GRAO DE CONSECUCIÓN / CRITERIO	DE	Grao de consecución alto (Cualificación 9)	Grao de consecución medio (Cualificación 6)	Grao de consecución baixo (Cualificación 4)
Escoita aos compañeiros	aos			
Respecta a quenda de palabra				



Axuda aos compañeiros			
Pide axuda cando o necesita			
Respecta as diferenzas nos compañeiros			
Contribúe á toma de decisións do grupo			
Implicase na tarefa			
Ten claro o que ten que facer			
Xera algún tipo de conflito durante a actividade			

2. Avaliación grupal do traballo en equipo (cada un dos grupos-base, reflexiona a través deste cuestionario sobre o seu funcionamento como equipo)

Unha vez feita a valoración do traballo en equipo, farase unha media das puntuacións obtidas (as que figuran entre paréntese) para calcular a puntuación do equipo. Esta cualificación será tida en conta na cualificación individual de cada alumno/a, por exemplo, cunha porcentaxe da cualificación total.

Nome do equipo:			
Data			
Como funciona o noso equipo?	Necesita mellorar (4)	Ben (6)	Moi ben (9)
Rematamos as tarefas nos prazos previstos?			



Avanzamos nos obxectivos de equipo?			
Axudámonos uns a outros?			
Aproveitamos o tempo?			
Cumprimos os compromisos persoais?			
Cada un, cumpre coas responsabilidades do seu cargo?			
TOTAL...			

3. O traballo no proceso de investigación. En cada Unidade Didáctica se presentan actividades de avaliación sobre o contido que se está a traballar, para realizar tanto a nivel individual como grupal:



- Na Unidade Didáctica 0: propóñense dúas actividades de avaliación, unha para realizar a nivel grupal, “o grupo nominal”, e que pode ser utilizada en calquera momento ao longo do curso para avaliar o funcionamento do grupo (debe realizarse nun procesador de texto e logo subila á Aula Virtual); outra, individual, un cuestionario de elección múltiple sobre os conceptos básicos da aprendizaxe cooperativa, que se realiza directamente na Aula Virtual.
- Na Unidade Didáctica 1: non se propón ningunha actividade de avaliación concreta, neste caso, a avaliación deste apartado virá dado polo cumprimento na entrega das tarefas establecidas que serán ás que dean lugar á constitución do equipo, o seu Plan de Equipo,...
- Na Unidade Didáctica 2: propónse unha actividade de equipo sobre as fontes de información que hai na BE, que pode ser realizada directamente na Aula Virtual.
- Na Unidade Didáctica 3: propónse unha actividade individual de avaliación, o catálogo, que debe ser realizada nun procesador de texto e logo subila á Aula Virtual.
- Na Unidade Didáctica 4: propónse unha actividade individual de avaliación, organización e reelaboración da información, que pode realizarse directamente na Aula Virtual.
- Na Unidade Didáctica 5: tampouco se presenta ningunha actividade de avaliación concreta. A avaliación nesta unidade, virá dada pola avaliación do informe que presente o equipo e a exposición oral. Na propia Unidade ofrécense dúas grellas, tanto para avaliar o informe como a exposición oral. Os equipos han de subir o informe e a súa presentación á ferramenta escollida polo profesorado para editar o informe (google drive,...)
- Na Unidade Didáctica 6: propónse unha actividade individual de avaliación, coñecementos da rede, que se pode realizar directamente na Aula Virtual.
- Na Unidade Didáctica 7: propónse unha actividade en equipo que, logo de resolvela, o coordinador/a do equipo debe subir á Aula Virtual.

Nesta dimensión 3, utilízase a Aula Virtual como medio para realizar ou subir as actividades de avaliación, de xeito que o profesorado pode ter unha cualificación de cada alumno neste apartado, seguindo as indicacións do gráfico sobre o proceso de avaliación.

